



TRABALLAR NA UNIÓN EUROPEA

REDE "EURES" (European Employment Services): Portal europeo da mobilidade laboral

EURES é unha iniciativa da Unión Europea que nace co obxecto de axudar aos cidadáns da UE, os países do Espazo Económico Europeo (Noruega, Islandia e Liechtenstein), e Suíza a atopar traballo noutros países membros durante todo o ano, á vez que pon á súa disposición unha rede de conselleiros. O acceso e a utilización da rede EURES son gratuítos para os traballadores e os empresarios.

Natureza da información

A base de datos facilitará a libre circulación das persoas traballadoras facilitando o acceso á información actualizada en especial sobre:

- Os mercados de traballo nos estados membros e as rexións, sobre a evolución dos mesmos e sobre os servizos ofertados polos servizos de emprego.
- As condicións de traballo e a lexislación correspondente.
- Indicacións relativas á búsqueda de emprego, tales como anuncios, estratexias de búsqueda, curriculum vitae, normas relativas ás entrevistas, procedimentos de contratación e servizos de asesoramento.
- As condicións de vida, a vivenda, a ensinanza, as taxas, o coste da vida, a sanidade e as actividades recreativas.
- Os programas e servizos da UE., en especial os que facilitan a mobilidade.
- As transferencias de dereitos e os procedimentos relativos á Seguridade Social.
- As posibilidades e procedimentos en relación cós traballadores autónomos.
- A correspondencia das cualificacións.
- Os procedimentos administrativos relacionados coa mobilidade.
- As direccións e contactos útiles para as informacións máis especializadas.

O portal da Rede Eures: ec.europa.eu/eures/

A Rede Eures utiliza un sistema informático en todas as linguas oficiais da UE, e a súa función principal é dar INFORMACION SOBRE AS OFERTAS E DEMANDAS DE EMPREGO NOS PAISES DA UE e do EEE. A través da súa páxina web poderás:

- Consultar ofertas de emprego de 31 países europeos que se actualizan en tempo real.
- Rexistrarte como solicitante de emprego, redactar o teu CV e poñelo a disposición dos empresarios rexistrados e dos conselleiros EURES que lles axudan a atopar os candidatos idóneos.
- Ademais entrando na sección «Vida e traballo», terás información sobre a situación do emprego e as condicións de vida e de traballo noutro país do EEE.

Rede de conselleiros Eures

Os conselleiros EURES son especialistas formados que prestan os tres servizos básicos de EURES de información, orientación e colocación, tanto aos solicitantes de emprego como aos empresarios interesados no mercado laboral europeo.

Nalgúns países tamén é posible a utilización dun [Chat Online](#).

Oficina de Coordinación na Provincia da Coruña

R/ Salvador de Madariaga, 9 – 1º 15008

Tel.: 881 881 333 (É NECESARIO PEDIR CITA)

E-mail: eures-coruna.lopez@sepe.es indicando a consulta concreta ou a profesión e as linguas nas que pode traballar.

E ademais:

- Facebook: www.facebook.com/EURESjobs
- Twitter: twitter.com/euresjob
- LinkedIn: www.linkedin.com/company/eures

Axudas á mobilidade EURES <http://bit.ly/1Kc7UiQ>

- **O teu primeiro traballo EURES**

É un proxecto para dar apoio financeiro a mozos de idades entre 18 e 35 anos na procura de emprego nun país da UE distinto ao de residencia e a empresas interesadas na contratación de traballadores novos procedentes doutros países da UE. EURES España é socio dos proxectos de Alemaña, Italia, Francia y Suecia.

Información: www.sepe.es

Europe Direct

Servizo de información e documentación europeo sobre vivir, traballar e viaxar na UE. Europe Direct ofrece:

- Un **servizo de información central ao que pode dirixirse por teléfono ou Internet**
 - [Teléfono gratuito](#)* para resolver dúbidas sobre a UE: 00 800 6 7 8 9 10 11
** Se che cobran a chamada podes solicitar o seu reembolso. Tamén podes solicitar que te chamen eles enviando unha mensaxe de texto.*
 - Resolución de consultas por E-mail: europa.eu/contact/write-to-us/index_es.htm
- **Servizos de información locais** que ofrecen información adaptada ás necesidades en cada país da UE:
 - **Oficina de información: Europe Direct A Coruña**
Deputación da Coruña
R/ Alférez Provisional, 2, E-A. 15006 A Coruña
Tlf.: 981 080 331
europedirect@dicoruna.es - www.dacoruna.gal/europedirect
Horario: 9 - 14h (de luns a venres)
 - **Centro de Documentación Europea da Universidade da Coruña**
Facultade de Dereito Campus de Elviña, s/n. 15071 - A Coruña
Tl...: 981 167 000 (ext. 1628)
cde@udc.es - www.udc.es
Horario atención: 09:30 a 14:30 h. (luns a venres) / 16:30 a 19:30 h. (luns a xoves)

Traballar para la UE

Traballar para a Administración da UE: EPSO

EPSO é a oficina encargada do recrutamento de funcionarios/as para as diferentes institucións e organismos da Unión Europea.

- EPSO: <https://epso.europa.eu>
- Representación Permanente da UE en España: <https://es-ue.org>

Traballo en Axencias da UE e u otros Organismos UE

- Representación Permanente da UE en España: <https://es-ue.org/trabajar-en-la-ue>

Persoas estudantes e recién tituladas / prácticas

- EPSO: https://epso.europa.eu/job-opportunities/traineeships_es



FORUM METROPOLITANO

Centro Municipal de Información Xuvenil

Río Monelos, 1. 15006 - A Coruña

981 184 294 cmix@coruna.es www.coruna.gal/cmix